



Santiago, 4 de Marzo de 2011

Estimado socio/a,

Dirixímonos a Vd para informarlle da situación que atravesamos a Unidade de Transferencia de Embrións de Bos, que a Federación xestiona dende 1992 en colaboración coa Consellería do Medio Rural, mediante "convenios" que foron renovándose ó longo dos anos.

Os obxetivos perseguidos dende a súa creación, foron os de elevar o nivel xenético da cabana frisona en Galicia e reducir a dependencia do exterior, producindo os touros para Xenética Fontao, e vacas doadoras de embrións.

Con este fin foi creada a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos a cal foi evolucionando ao longo dos anos ata converterse nun auténtico referente da xenética frisona, a nivel mundial, ademais de cumprir unha función dinamizadora da mellora xenética e de Transferencia Embrionaria, **posibilitando o acceso de tódolos socios a embrións das mellores familias de vacas do mundo, en condicións ventaxosas** e con acceso aos servizos necesarios para desenrolar a técnica e o comercio de xenética de élite na nosa Comunidade.

Para financiar o funcionamento desta estrutura cóntase cos ingresos que xera a propia actividade, en base á venda de embrións, animais, servizos e leite, entre outras, superando esta vía o 55% do custo dun ano tipo, mentres a Consellería do Medio Rural aporta a finca, instalacións, material xenético foráneo, e a subvención para o funcionamento; a cal foi reducida nun 40% para o exercicio 2010. Malia a situación do sector, esta dificultade foi superada mediante a redución do gasto, reorganización da actividade, incremento de prezos dos servizos, etc.,. Agora a Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural ven de comunicarnos un novo recorte presupuestario de case un 50% para o 2011 e sen garantías de que nos vindeiros anos poda seguir apoiando o Programa nesa contía.

*Paralelamente, a Consellería propón cerrar a Granxa de Bos e rediseñar o Programa de Mellora Gandeira de Galicia de xeito que a vía femia quede en mans privadas e sexa explotada a través dos acordos con ganderías colaboradoras que, según se nos indica, asinará con éstas Xenética Fontao, S.A.*

*Ante esta situación, a Federación vese imposibilitada para continuar desenvolvendo o Programa dirixido a tódolos socios como viña ofrecendo ata o día de hoxe.*

*Tras numerosas reunións cos departamentos da Dirección Xeral e Subdirección Xeral da Consellería do Medio Rural, o día 7 de Decembro a Xunta Directiva enviou unha carta ao Sr. Conselleiro do Medio Rural, Dn. Samuel Juárez, solicitando unha reunión para tratar directamente con él este tema tan grave e de tanta relevancia para o noso sector. A esta carta acompañouse un informe pormenorizado con argumentacións técnicas e económicas que recolle a nosa visión do problema e do Programa de Mellora. Ambos documentos foron entregados por Rexistro Oficial e non foron contestados a día de hoxe 4 de Marzo de 2011, cando reunida a Asamblea Xeral de Fefriga, é informada con detalle da situación e acorda sexa comunicada a todas as gandeirías de Galicia inscritas no Libro Xenealóxico.*

*O contido do informe enviado ao Sr. Conselleiro atópase a súa disposición na nosa páxina web: [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com) ou tamén pode solicitalo nas nosas oficiñas.*

*Ante esta situación, e se a Consellería do Medio Rural non modifica a súa postura, esta Federación verase na obriga de pechar a UTE de Bos procedendo á cancelación dos contratos de todo o persoal e vendendo en subasta pública ó redor de 140 vacas e xovencas de alta xenética que integran a UTE. De confirmarse este lamentable feito, e tan axiña como esté ratificado o plan de peche, coas datas e condicións das poxas, enviaremos unha nova circular a tódolos socios con esta información.*

*En nome da Asemblea Xeral de Fefriga, saúdalle atentamente.*

*Asdo.: Álvaro José Castro Fernández  
Presidente*

